

# ORZAMENTO PARTICIPATIVO DE 2012

## FICHA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS



NOME DA ASOCIACIÓN: (no caso de que se faga en nome da asociación)

NOME E APELIDOS: (da persoa particular ou de quen representa á asociación)

DOCUMENTO DE IDENTIDADE: \_\_\_\_\_

IDADE: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_

PARROQUIA: \_\_\_\_\_

TELÉFONO: \_\_\_\_\_

COR. ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

TÍTULO DA PROPOSTA: \_\_\_\_\_

CUSTO ECONÓMICO ESTIMADO (€): \_\_\_\_\_

BREVE DESCRICIÓN DA PROPOSTA:

(cubrir tantas follas como sexa preciso)

A persoa asinante declara que a información facilitada é exacta e completa.

De acordo co disposto no art. 5 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórma-se do seguinte:

- Os datos solicitados son necesarios para elaborar un Rexistro de solicitudes dos Orzamentos Participativos do ano 2012
- Os datos serán tratados de forma confidencial e incluídos nun ficheiro propiedade do Concello de San Sadurniño. As persoas afectadas poderán en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición en relación cos mesmos, dirixíndose ó Concello de San Sadurniño (Avda. Marqués de Figueroa s/n 15560 San Sadurniño) utilizando os formularios oportunos.

# NOVAS

Envío sen enderezo postal  
Núm. Especial - Decembro 2011



San Sadurniño  
www.sansadurnino.es

CONCELLO DE SAN SADURNIÑO • Avda. Marqués de Figueroa, s/n • 15560 SAN SADURNIÑO • Teléf. 981 490 027 • Fax: 981 490 474 • correo@sansadurnino.dicoruna.es

€

## PARTICIPEMOS PARA MELLORAR O NOSO CONCELLO

investimentos  
gastos correntes  
servizos municipais  
aforro e eficiencia  
novos ingresos

**PARTICIPA NA ASEMBLEA NO  
LOCAL SOCIAL DA TÚA PARROQUIA:**

**BARDAOS** luns 9 de xaneiro  
**FERREIRA** martes 10 de xaneiro  
no local da Seara

**IGREXAFEITA** mércores 11 de xaneiro  
**LAMAS** venres 13 de xaneiro

**SAN SADURNIÑO** luns 16 de xaneiro  
**SANTA MARIÑA do MONTE** martes 17 de xaneiro

**NARAÍO** mércores 18 de xaneiro  
**CAMIÑO ARRIBA** xoves 19 de xaneiro

**HORARIO ÚNICO  
ás 20:00 h.**



San Sadurniño  
www.sansadurnino.es

## O ORZAMENTO ENTRE TOD@S iii

# ORZAMENTO PARTICIPATIVO 2012

## ASEMBLEAS VECIÑAIS



## PARTICIPEMOS PARA MELLORAR O NOSO CONCELLO

### Que é?

O Concello de San Sadurniño vai desenvolver por cuarto ano consecutivo, e de maneira pioneira no contexto galego, o coñecido como Orzamento Participativo, no cal os veciños e as veciñas propoñen e deciden sobre as orientacións dos orzamentos municipais, neste caso para o ano 2012.

Esta é unha iniciativa que xorde do Plan de Acción da **Axenda 21 Local** que vén desenvolvendo o Concello dende 2004, e que pretende camiñar cara á democracia participativa, á corresponsabilidade dos veciños e veciñas nos asuntos públicos e en definitiva poñer os alicerces dunha sociedade máis próspera, xusta e sustentable.

### Contexto e novidades

Logo de 3 anos de experiencia co proceso dos orzamentos participativos e tendo claro que o proceso debe ser dinámico e adaptable ás circunstancias territoriais, sociais e económicas de cada ano, é preciso realizar modificacións sobre o modelo inicial.

Neste senso, a crise socioeconómica actual continúa acrecentándose e afecta xa directamente ás arcas municipais, que ven como os recursos que deben chegar doutros niveis superiores (Estado, Xunta de Galicia e Deputación) mingúan de maneira constante, malia que as competencias e os servizos municipais son os mesmos, ou máis.

Asemade, o debate social estase dirixindo cara á esixencia de maior transparencia nas contas públicas e de implementar medidas que vaian cara ó aforro e a eficiencia económica. Esta esixencia hai que compatibilizala tamén coa obriga da gobernan-

za e da eficacia nos servizos. Polo tanto enfrontámonos a un gran reto: ofrecer os mesmos ou máis servizos, cunha elevada calidade, pero con menos recursos.

Nesta situación consideramos axeitado adaptar o proceso dos OP á realidade actual, procurando abrilos na súa totalidade ós veciños e veciñas de San Sadurniño, á vez que se desenvolven dun xeito máis dinámico, máis áxil, pero tamén máis profundo.

### Quen pode participar?

No Orzamento Participativo poden participar todos os veciños e veciñas do Concello maiores de 16 anos, ou aquelas persoas que sen estar empadroadas garden unha relación directa de tipo social ou empresarial co noso Concello.

### Onde me poden informar?

Terás información en Internet ([www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)), onde poderás descargar a ficha de presentación de propostas, ou na propia Casa do Concello. Ademais, en todos os locais sociais haberá unha copia das bases reguladoras.

Podes presentar tantas  
propostas como  
queiras, pero só unha  
por ficha!!!

### Tes algunha idea?

De seguro que en máis dunha ocasión tes pensado que cousa mellorarías se puides decidir sobre o diñeiro público. Agora tes a oportunidade para te expresares. As propostas que se presenten poden ter un carácter concreto ou poden ser orientacións máis xenéricas.

As propostas poderán presentarse a partir do envío do folleto informativo e da publicación das Bases na web, ata o día da asemblea parroquial que lle corresponda a cada veciño ou veciña.

Se tes algunha idea que achegar, só tes que encher unha ficha de proposta de xeito claro e concreto, e facérnola chegar, dalgunha das seguintes formas:

- Entregándoa no Rexistro municipal
- Remitindo unha carta ó Concello (Avda. Marqués de Figueroa s/n, 15560, San Sadurniño)
- Mandando un e-mail dirixido ó Concello: [concello@sansadurnino.dicoruna.es](mailto:concello@sansadurnino.dicoruna.es)
- Depositando o formulario nas caixas de suxestións situadas nos seguintes puntos:
  - Casa do Concello
  - Casa da Cultura

### Requisitos das propostas

As propostas que se presenten poden ter un carácter concreto (un investimento, unha modificación, unha creación dun servizo) ou poden ser orientacións de cara a onde deben dirixirse as políticas municipais na actual conxuntura.

En todo caso as propostas deben seguir os seguintes requisitos:

- Se se referiren a un investimento novo, ou ben a obras de mantemento e reparación das actuais, deben indicalo con claridade
- Ser asuntos de competencia municipal
- Ter un custo que poida ser asumido polo orzamento municipal
- Ter definida a súa localización no ámbito territorial municipal
- Presentaranse preferentemente no modelo de proposta desenhado para o OP

### E despois?

Despois de debater e votar nas Asembleas parroquiais cales son as propostas máis interesantes, durante o día **27 de xaneiro ás 20:00 horas na Casa da Cultura terá lugar a Mesa de Orzamentos**, na que estarán presentes os representantes parroquiais elixidos democraticamente nas Asembleas e o Comité técnico.

Desta Mesa saíran as propostas de todas as parroquias que finalmente serán incluídas nos Orzamentos Municipais do ano 2012.

### Non deixes de opinar...

A túa presenza nas Asembleas será imprescindible para defenderes as túas propostas e, por suposto, para mellorar o teu Concello

### Celebración Veciñal

Como colofón a todo o proceso, terá lugar un **Acto Público de Presentación do Orzamento Participativo o venres día 3 de febreiro ás 20:00 horas na Casa da Cultura**, onde agardamos a túa participación.

### PARTICIPA NA ASEMBLEA NO LOCAL SOCIAL DA TÚA PARROQUIA:

BARDAOS	_ luns 9 de xaneiro
FERREIRA	_ martes 10 de xaneiro no local da Seara
IGREXAFEITA	_ mércores 11 de xaneiro
LAMAS	_ venres 13 de xaneiro
SAN SADURNIÑO	_ luns 16 de xaneiro
SANTA MARIÑA do MONTE	_ martes 17 de xaneiro
NARAÍO	_ mércores 18 de xaneiro
CAMIÑO ARRIBA	_ xoves 19 de xaneiro

**HORARIO ÚNICO**  
**ás 20:00 h.**

